

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 12**

### **CONVOCATORIA**

ORDE DO DIA para a sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE que terá lugar o día 1 de XULLO de 2019, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

- 1.- Ratificación da urxencia.
- 2.- Dar conta do escrito presentado polos concelleiros da formación política do Partido Socialista de Galicia-Partido Socialista Obrero Español constituíndo o Grupo Político Municipal Socialista e designando voceiro do grupo. (Rexistro Pleno 2037/1101)
- 3.- Dar conta do escrito presentado polos concelleiros da formación política do Partido Popular constituíndo o Grupo Político Municipal Popular e designando voceiro do grupo. (Rexistro Pleno 2034/1101)
- 4.- Dar conta do escrito presentado polos concelleiros da formación política Marea de Vigo-Son en Común, integrándose alternativamente no Grupo Político Mixto e designando voceiro do grupo. Dar conta do informe da Secretaría xeral do Pleno en relación co escrito anterior. (Rexistro Pleno 2036/1101)
- 5.- Dar conta da Resolución da Alcaldía de data 26.06.2019 pola que, en se declara o concelleiro D. Xabier Pérez Iglesias membro non adscrito da Corporación. Expte. 1630/110 (Rexistro Pleno 2035/1101).
- 6.- Dar conta da Resolución da Alcaldía de data 17.06.2019 pola que se nomean ós tenentes de alcalde. Expte. 596/1102 (Rexistro Pleno 2039/1101/1101).
- 7.- Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 17.06.2019, de constitución da Xunta de Goberno Local e nomeamento dos seus membros. Expte. 595/1102. (Rexistro Pleno 2041/1101).
- 8.- Dar conta da Resolución da Alcaldía de data 18.06.2019 pola que se estruturan as áreas de goberno e delegacións de competencias nos concelleiros/as. Expte. 598/1102. (Rexistro Pleno 2043/1101).
- 9.- Dar conta de Resolución da Alcaldía de data 18.06.2019, pola que se delegan competencias na Xunta de Goberno Local. Expte. 600/1102 (Rexistro Pleno 2040/1101).

- 10.- Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local de data 20.06.2019 polo que se delegan competencias nos concelleiros/as delegados. Expte. 601/1102. (Rexistro Pleno 2042/1101).
- 11.- Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 26.06.19, de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros/as delegados de área, completando a Resolución de data 18.06.19, na que se estruturaban as área de goberno e delegacións. Expte. 598/1102 (Rexistro Pleno 2055/1101).
- 12.- Proposta da Alcaldía referente á periodicidade das sesións do Pleno. Expte. 1631/110 (Rexistro Pleno 2044/1101).
- 13.- Proposta da Alcaldía referente á creación e composición das Comisións do Pleno. Expte. 1634/110 (Rexistro Pleno 2045/1101)
- 14.- Proposta da Alcaldía referente ó nomeamento de membros da Corporación no Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e no Padroado Quiñones de León. Expte. 1635/110 (Rexistro Pleno 2046/1101)
- 15.- Proposta da Alcaldía referente ó nomeamento de membros da Corporación noutros órganos municipais. Expte. 1636/110 (Rexistro Pleno 2047/1101).
- 16.- Proposta da Alcaldía referente ás dotacións económicas dos grupos municipais e concelleiro non adscrito. Expte. 1632/110 (Rexistro Pleno 2048/1101)
- 17.- Proposta da Alcaldía referente ós cargos con dedicación exclusiva e parciais. Expte. 1633/110 (Rexistro Pleno 2049/1101)

#### **DECRETO DE CONVOCATORIA:**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes concluídos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE no salón de Plenos ás NOVE HORAS do día UN DE XULLO, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

am Vigo, data sinatura electrónica

O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda.